

PENSIÓN EN FAVOR DE PAIS/NAIS**CLASES PASIVAS**

Os beneficiarios serán o pai e a nai do causante, sempre que dependesen economicamente deste ao momento do seu falecemento e que non exista cónxuxe sobrevivinte, excónxuxe, parella de feito ou fillos/as do falecido con dereito a pensión.

No caso de que no momento do falecemento do causante houberse cónxuxe, excónxuxe, parella de feito ou fillos do mesmo con dereito a pensión, o pai e a nai daquel só terán dereito á pensión a partir do momento en que a mesma quede vacante por falecemento ou perda de aptitude legal do cónxuxe, excónxuxe ou parella de feito e dos/as fillos/as con dereito.

Con efectos de 1/1/2013 establécese que a presunción de que concorre o requisito de dependencia económica, prodúcese cando a suma dos ingresos da unidade familiar sexa inferior ao dobre do salario mínimo interprofesional vixente. Nas familias monoparentais, o límite de ingresos fíxase no salario mínimo interprofesional.

A cada proxenitor correspóndelle o 15 por 100 da base reguladora, ou o 7,5 por 100 no caso de que o causante dos dereitos falecese tras ser declarado/a inutilizado/a en acto de servizo ou como consecuencia do mesmo e de sinalarse no seu favor a correspondente pensión extraordinaria.

Non asistirá, en ningún caso, a calquera dos pais do/a funcionario/a falecido/a o dereito a que o valor da pensión do outro deles que faleza ou deba cesar na percepción acreza o da súa.

PENSIÓN EN FAVOR DE FAMILIARES**SEGURIDADE SOCIAL**

Beneficiarios/as:

- Netos/as e irmáns, orfos/as de pai e nai, sempre que na data do falecemento sexan:

- Menores de 18 anos ou maiores que teñan reducida a súa capacidade de traballo nunha porcentaxe valorada en grao de incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez.

- Menores de 22 anos, cando non efectúan un traballo lucrativo ou cando, realizándoo, os ingresos que obteñan, en cómputo anual, non superen o límite do 75% do salario mínimo interprofesional que se fixe en cada momento, tamén en cómputo anual.

- Nai e avoas viúvas, solteiras, casadas, cuxo home sexa maior de 60 anos ou estea incapacitado para o traballo, separadas xudicialmente ou divorciadas.

- Pai e avós con 60 anos cumpridos ou incapacitados para todo tipo de traballo.

- Fillos e irmáns de pensionistas de xubilación ou incapacidade permanente, ambas as dúas na súa modalidade contributiva, ou daqueles/as traballadores/as que ao falecer reunían os requisitos para o recoñecemento do dereito a pensión de xubilación ou de incapacidade permanente (cuxo expediente de incapacidade permanente se atopara pendente de resolución), varóns ou mulleres maiores de 45 anos, que estean solteiros, viúvos, separados xudicialmente ou divorciados, sempre que acrediten dedicación prolongada ao coidado do causante.

Requisitos:

- Convivir co causante e ás súas expensas con 2 anos de antelación ao falecemento daquel ou desde a morte do familiar co que convivisen, se esta ocorre dentro deste período.

- Non ter dereito a pensión pública.

- Carecer de medios de subsistencia, por ter uns ingresos económicos iguais ou inferiores ao salario mínimo interprofesional, e de familiares con obriga e posibilidade de lles prestar alimentos.

Están obrigados a prestarse alimentos, segundo o establecido nos artigos 142 e 143 do Código Civil, os cónxuxes, ascendentes e descendentes; os irmáns só se deben os "auxilios necesarios para a vida", polo que quedan excluídos da obriga de prestar alimentos.